



XUNTA XERAL ORDINARIA 2ª/2025

Acta da sesión que tivo lugar o día dezasete de decembro de dous mil vinte e cinco.

En Santiago de Compostela, ás 12.30 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, D^a María del Carmen González Ferro, D^a María del Pilar Fonseca Cao, D. José Antonio Montero Vilar, D^a Patricia López Arnosó, D. Manuel F. Martín García, D. Jorge Eladio Romero Rivera, D^a Margarita Ruiz Núñez e D^a María Jesús Vieito Mayo. Tamén asisten un total de 39 colexiados e colexiadas, todos/as exercentes e 1 non exercente.

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral**
- 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2026**
- 3. Rogos e preguntas**

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

O secretario procede á lectura da acta da sesión anterior.

Unha vez sometida a votación, é aprobada por unanimidade.

2. EXAME E VOTACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2026

O decano cédelle a palabra ao secretario técnico do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, don Manuel Arza Galán, para expoñer o orzamento 2026 elaborado pola Xunta de Goberno. O Sr. Arza Galán le o texto do orzamento, que se reproduce a seguir:

MEMORIA

1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 69.s), entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais”.

O artigo 97 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para o exercicio 2026, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio da Avogacía, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías co fin de contribuír á súa dixitalización. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos (bases de datos na web, notificacións electrónicas, sede electrónica e Colaboweb).

O proxecto de orzamento para o exercicio 2026 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta con respecto ao dos exercicios anteriores como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados e ingreso obtidos en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os



investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua (fomentando a formación en liña) dos colexiados e das novas tecnoloxías.

2. Censo colexial

A 03.11.2025 o censo total de colexiados é de 1.325, desagregado da seguinte forma:

- Exercentes residentes: 819
- Non exercentes: 488
- Non residentes: 18

3. Cotas colexiais

a) Cotas periódicas trimestrais (art. 110.e) do Estatuto sobre “recursos ordinarios”)

As cotas trimestrais periódicas supoñen un 60 % aproximadamente dos ingresos ordinarios deste colexio.

Un ano máis, dende o ano 2014, estas cotas non sufrirán ningún incremento (nin tan sequera o incremento do IPC). Para o 2026 serán as seguintes (incluídos os censos):

- Exercentes residentes: 123,11 €/trimestre
- Non exercentes: 57,03 €/trimestre
- Exercentes/Non exercentes non residentes: 43,12 €/trimestre

Os novos colexiados (primeira incorporación) e menores de 35 anos, terán unha bonificación do 50 % da cota periódica durante o primeiro ano.

Os colexiados exercentes residentes maiores de 75 anos estarán exentos da cota colexial.

b) Cota de incorporación (art. 110.b) do Estatuto)

É a cota que aboará o colexiado para tramitar a súa incorporación ao Colexio. Tras o estudo/auditoría realizada para fixar os custos da tramitación do dito expediente, a cota fixouse en 300 euros. Para este ano 2026 manterase esta cota.

- Cota de incorporación: 300 € exercentes / 150 € non exercentes

Estarán exentos do pagamento desta cota os solicitantes que figuran colexiados en calquera colexio da avogacía do Estado e que pagasen unha cota de incorporación igual ou superior á fixada neste colexio; se fose menor, terían que aboar a diferenza.

4. Outros dereitos colexiais

a) Dereitos económicos pola emisión de ditames, informes ou periciais en materia de honorarios para taxacións de custas ou procedementos xudiciais de reclamación de honorarios (art. 110.d) do Estatuto)

- De acordo co establecido no artigo 61 do Estatuto colexial, establécese a contía dos dereitos económicos pola emisión de informes para taxacións de custas nun 2 % da minuta resultante, cun mínimo de 60 euros e un máximo de 300 euros, máis o IVE correspondente.
- Pola emisión de ditames como probas periciais (por petición do xulgado), establécese un 20 % da escala tipo sobre o importe da minuta resultante, cun mínimo de 60 euros e un máximo de 1.800 euros, máis o IVE correspondente.

b) Dereitos económicos por expedición de certificados (art. 110.c) do Estatuto):

- 12 € máis IVE por certificado

Os nosos colexiados estarán exentos de pagar esta cantidade se no momento de solicitar os certificados están en situación de alta neste colexio e estes se refiren só aos seus datos sobre colexiación ou quenda de oficio.

c) Contas de correo electrónico. Dende o mes de setembro de 2025, o CGAE estableceu o pagamento dunha cantidade por cada licenza do servizo de correo electrónico corporativo que ofrece: 16 € + IVE por cada colexiado/a dado/a de alta neste servizo. O Colexio ten asignadas 223 licenzas, o que supón un gasto anual de 3.568 euros máis IVE. O custo das devanditas licenzas será repercutido a cada colexiado/a dado/a de alta neste servizo (16 €/ano).

d) Servizo de conciliación/mediación MASC. Dende o mes de abril de 2025, coa entrada en vigor da Lei 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, implantouse no Colexio o Servizo MASC ICAS, que estableceu as seguintes tarifas polos labores de xestión colexial:

1. Solicitude: 30 € + IVE
 - Inicio do expediente
 - Notificación á parte contraria por sede electrónica



Se a persoa solicitante quere que a notificación se realice por burofax coa certificación do contido, terá que aboar a maiores, en concepto de suplido, o custo facturado por Correos

2. Xestión do expediente e designación

- Certificación de non aceptación o MASC: 30 €
- De aceptarse o MASC, designación do/a profesional e certificación dos acordos de:
 - Conciliación: 30 € + IVE
 - Mediación: 80 € + IVE

5. Póliza de responsabilidade civil

A póliza do seguro de responsabilidade civil, que este colexio como tomador ten contratada nas últimas anualidades coa aseguradora Allianz (corretoría Aon) para asegurar a responsabilidade civil dos nosos colexiados, representa un dos maiores gastos deste colexio. Para este exercicio a cobertura e as primas son as seguintes:

- Cobertura: 450.000 € por sinistro
- Franquía: 500 € os 2 primeiros sinistros; 1500 € o terceiro e seguintes
- Número de colexiados de alta (a 03.11.2025): 665 (648 exercentes e 17 non exercentes)

Subvención do colexio: O ICASC como en exercicios anteriores subvenciona esta póliza coa cantidade de 100.000 euros anuais, que son repartidos de maneira proporcional entre todos os asegurados (150 €/anuais aprox. por colexiado). Este importe aparece xa descontado nos dous cargos da prima que se realizan cada seis meses.

- Gasto: partida 625.1 -1.2.a – Seguro de responsabilidade civil: 210.495 € (prima neta anual) + 3.990 € do seguro de accidentes
- Ingreso: partida 721.6 - 1.1.d) – cotas seguro responsabilidade civil: 114.485 €

A diferenza entre o gasto e o ingreso (100.000 €) corresponde á subvención do colexio.

Seguro de accidentes: Esta póliza incorpora ademais un seguro de accidentes para os colexiados asegurados, que ten un custo duns 6 euros por ano aproximadamente por cada asegurado.

6. Memoria económica

Estado de ingresos. Total ingresos: 801.446 €

1) Ingresos propios

1.1) Prestación de servizos:

1.1a) Ditames e informes. Esta partida incrementábase debido ao aumento do número de informes emitidos como consecuencia do elevado incremento das impugnacións de taxacións de custas nos procedementos bancarios (gastos hipotecarios, nulidade de condicións xerais de contratación de tarxetas e préstamos). Estímase que durante o ano 2026, se se mantén a tendencia do 2025, se realizarán arredor de 500 informes, dos que estimamos que se cobren en torno ao 70 %:..... **18.000 €.**

1.1b) Cursos e xornadas. Órzase unha cantidade de **1.000 euros**, xa que é política deste colexio que os cursos sexan gratuítos para os nosos colexiados/as.

1.1c) Outros ingresos. Nesta partida órzase o recadado polas máquinas expendedoras da sala de togas dos xulgados e os ingresos derivados do servizo de fotocopias e venda de produtos *merchandising* (paraugas, mochilas...), así como o recadado pola xestión colexial dos MASC:..... **3.000 €.**

1.1d) Seguro de responsabilidade civil. Nesta partida contabilízase o recadado polo cargo do recibo da póliza do seguro de responsabilidade civil, unha vez descontada a subvención do colexio:..... **114.485 €.**

1.1e) Punto de información catastral. Ingresos por este concepto:.....**600 €.**

1.1f) Mantemento contas de correo icasantiago.....2.816 €

1.2) Cotas colexiais:

Un ano máis as cotas colexiais non sofren ningún incremento (nin o derivado do IPC).

1.2.a) Cota de entrada. Estímanse unhas 12 altas novas: 300 € x 12**3.600 €**

1.2.b) Cotas periódicas trimestrais..... 517.735 €

Exercentes: 123,11 €

Non exercentes: 57,03 €



Non residentes: 43,12 €

(Os novos Colexiados -primeira incorporación- e menores de 35 anos, terán unha bonificación do 50 % da cota periódica durante o primeiro ano. Os Colexiados exercentes residentes maiores de 75 anos estarán exentos da cota Colexial.)

1.3) Ingresos por subvencións:

1.3.a) Infraestrutura da quenda de oficio:..... 82.460 €

A Xunta de Galicia aboará un 8 % do facturado no ano anterior por todos os conceptos (quenda e asistencias). Polo tanto, calculando o 8 % do facturado nos tres primeiros trimestres de 2025 e o cuarto de 2024, resulta unha cantidade aproximada para o 2026 de 82.460 euros.

1.3.b) Subvención da Xunta de Galicia (fomento do galego):..... 19.000 €

Tras a prórroga do convenio un ano máis coa Secretaría Xeral da Lingua, concédese unha subvención de 19.000 euros para sufragar a nómina do asesor lingüista.

1.3.c) Outras subvencións (Xunta de Galicia e Concello):..... 8.600 €

Para o ano 2026 prevese a sinatura e prórroga dos seguintes convenios:

Concello, vía previa: 2.000 €

IGVS: 3.600 €

Formación en violencia de xénero e agresións sexuais: 3.000 €

2) Ingresos financeiros

2.1 Xueros de contas:10.000 €

Remuneración de contas correntes e depósito na Mutualidad (cun rendemento medio do 3 %).

3) Outros ingresos

3.1 Varios

3.1.a) San Raimundo:7.850 €

Nesta partida contabilízase a parte que aboan os Colexiados/as que asisten aos actos e cea de San Raimundo.

3.1b) Outros ingresos:.....9.000 €

Nesta partida contabilízanse os ingresos derivados dos convenios e contratos de patrocinio:

Convenio de patrocinio coa editorial VLex: 1.500 €

Convenio de patrocinio con Mutualidad: 4.000 €

Convenio de patrocinio con Aon (SRC): 3.500 €

3.1c) Venda de códigos e outros:..... 2.500 €

Ingresos pola venda de códigos e outros manuais en coedición con distintas editoriais xurídicas.

3.2 Patrocinios e publicidade

3.2a) Publicidade en guía e revista:800 €

Ingresos polos anuncios de distintas empresas na guía colexial e na revista

Estado de gastos. Total gastos: 801.446 €

1) Servizos e actividades:

1.1) Actividade ordinaria

1.1.a) Actos corporativos organizados polo colexio:..... 22.000 €

Nesta partida órzase o gasto de todos aqueles actos corporativos organizados polo colexio (actos de entrega de medallas, xuras de novos letrados, entrega de diplomas a letrados de máis de 25 anos de exercicio, actos festividade San Raimundo etc etc..).

1.1.b) Actos corporativos non organizados polo colexio: 4.000 €

Nesta partida órzanse os gastos que se ocasionen pola participación ou asistencia deste colexio a actos organizados por outras institucións, gastos de representación pola función atribuída ao decano é á Xunta de Goberno en virtude dos artigos 66, 69 e 7.a) dos estatutos colexiais (matrículas, desprazamentos, aloxamento etc.).

1.2) Seguros

1.2.a) Seguro de responsabilidade civil e accidentes:..... 214.485 €

Nesta partida órzase o gasto/custo da póliza do SRC e do seguro de accidentes.

Póliza SRC: 210.495 €

Póliza do seguro de accidentes: 3.990 €

1.2.b) Outros seguros:..... 1.100 €

Gasto correspondente a outras pólizas contratadas polo colexio.

Póliza de ciber risco: 500 €



Póliza de administradores, directivos e persoal: 600 €

1.2.c) Póliza de decesos / accidentes da quenda de oficio..... 7.000 €

Gastos correspondentes ás dúas pólizas contratadas coa Mutuality

Póliza de decesos: pagamento dunha cantidade de 3.000 euros para sufragar os gastos de deceso daqueles colexiados/as falecidos/as menores de 65 anos.

Póliza de accidentes das gardas da quenda: seguro de accidentes para os letrados/as de garda do servizo de asistencia a persoas detidas.

1.2.d) Prima do seguro do local: 2.500 €

Gasto correspondente ao seguro do local (inclúe obras de arte) e o seguro da comunidade, que suman un total de 2.500 euros.

1.3) Outros servizos

1.3.a) Congresos e outras actividades:..... 6.000 €

Nesta partida órzase o gasto para asistencia a congresos, xornadas e todas aquelas actividades non organizadas polo colexio, gastos de representación pola función atribuída ao decano é á Xunta de Goberno en virtude dos artigos 66, 69 e 7.a) dos estatutos colexiais (matrículas, desprazamentos, aloxamento etc.). (matrícula, desprazamentos, aloxamento etc.).

1.3.b) Formación, xornadas, cursos e bolsas:20.000 €

Gastos correspondentes á organización do colexio de xornadas, cursos etc. para a formación inicial e continua dos colexiados/as, así como bolsas que se poidan conceder a estes/as para a dita formación e para asistir a xornadas organizadas por outras institucións. Algunhas destas formacións están subvencionadas pola Xunta de Galicia (violencia de xénero).

1.3.c) Bolsas á EPX, máster en avogacía: 1.500 €

Bolsas que se conceden ao alumnado do Máster en Avogacía para realizar prácticas na sede administrativa da EPX (5 bolsas de 300 € cada unha).

2) Gastos xerais e de administración:

2.1) Servizos de profesionais independentes

2.1.a) Xestoría, gabinete de comunicación:16.000 €

Nesta partida órzanse os gastos correspondentes a: xestoría laboral e contable contratada polo colexio para a contabilidade, nóminas e seguridade social; gabinete de comunicación, que se encarga das redes sociais do colexio, da revista, da guía colexial e das notas de prensa.

2.1.b) Letrados, monitorios, vía previa, IGVS:14.000 €

Nesta partida órzase o gasto en profesionais letrados a partir dos convenios de vía previa do Concello e do IGVS. Tamén se inclúen os letrados que se

seleccionan para os monitorios que se presentan para reclamar cotas colexiais sen pagar e os dereitos pola emisión de informes de honorarios sobre custas.

2.2) Gastos da sede do colexio

2.2.a) Reparación e conservación:18.000 €

Nesta partida órzanse os gastos de limpeza e os traballos de conservación dos dous locais do colexio.

Para a limpeza dos locais está contratada unha empresa externa (actualmente Limpezas Salgado). Custo mensual: 1.100 € + IVE

Para os traballos de mantemento e conservación, o gasto máis destacable é o da iluminación da sede principal.

2.2.b) Sistemas de seguridade:650 €

Inclúe o gasto do sistema de seguridade da sede principal contratada con Movistar Prosegur. Inclúe a alarma e a cámara de gravación das oficinas da entrada do local.

2.2.c) Auga e outros:..... 250 €

Esta partida inclúe os gastos de cosumo de auga, sumidoiro e lixo.

2.2.d) Electricidade:..... 9.500 €

Nesta partida órzase o gasto en enerxía eléctrica. Trátase dun gasto elevado debido ao número de horas que temos abertas a sede principal e o número elevado de puntos de luz, ademais do consumo eléctrico da caldeira da calefacción durante os meses de inverno.

2.3) Gastos de oficina

2.3.a) Material de oficina:5.000 €

Nesta partida órzanse todos os gastos de material de oficina, tanto da sede principal como da oficina dos xulgados, onde os máis importantes corresponden con papelería e tinta de máquinas impresoras que non estean en rénting.

2.3.b) Mantemento informático do programa de xestión Colaboweb, Centraliña telefónica de gardas, Verifactura e mantemento correo 15.816 €

Nesta partida órzase o gasto de mantemento do novo programa de xestión Colaboweb, así como a implantación a partir do 1 de xaneiro da centraliña telefónica de distribución de gardas, tamén se contratará o servizo de factura electrónica Verifactura. Tamén se recollen nesta partida os gastos de mantemento das contas de correo icasantiago.org

2.3.c) Gastos diversos:3.000 €



Nesta partida órzanse gastos diversos en relación co funcionamento da oficina: pagamento á empresa de prevención de riscos laborais; pagamento a Boel polo mantemento de extintores; pagamento dos gastos da comunidade do edificio; pagamento de man de obra de reparacións eléctricas etc.

2.3.d) Material informático:..... 4.000 €

Órzase unha cantidade de 4.000 euros debido a que no exercicio 2026 se terán que renovar ou actualizar algunhas CPU dos ordenadores das oficinas colexiais e das sedes dos partidos xudiciais.

2.4) Comunicaci3ns

2.4.a) Mensaxería/Correos:4.000 €

Nesta partida órzase o gasto en Correos (ordinario, certificado con xustificantes de recepción) e da empresa de mensaxería (cada 15 días remítense á Dirección Xeral de Xustiza remesas coa documentación orixinal dos expedientes de xustiza gratuíta).

Esta partida sufrirá un lixeiro incremento pola posta en marcha do servizo MASC ICAS ao ter que remitir en ocasións os burofax correspondentes.

2.4.b)

Telefonía:.....4.300 €

Nesta partida órzase todo o gasto relacionado coas comunicacións de teléfono e internet. O gasto desta partida estase a incrementar debido ao ancho de banda que o colexio necesita para as notificacións electrónicas e para realizar videoconferencias e formacións en liña dende a sede colexial.

2.5) Arrendamentos

2.5.a) Renting:3.000 €

Gasto correspondente ao servizo de rénting de dúas máquinas fotocopiadoras e de impresoras

2.6) Biblioteca, bases de datos web

2.6.a) Adquisición de libros:4.000 €

Nesta partida inclúese a adquisición de códigos e outras obras que se coeditan con distintas editoriais xurídicas. Estas obras véndense entre os colexiados/as con importantes descontos das editoriais, polo que se obtén un ingreso correspondente.

2.6.b) Biblioteca en liña:..... 9.700 €

Nesta partida órzase a Biblioteca en Liña de Sepín, aplicación contrada coa editora xurídica Sepín co fin de ofrecer aos colexiados/as este recurso de consulta xurídica de forma totalmente gratuíta, ademais doutras bases de datos xurídicas á disposición dos colexiados/as nos postos informáticos situados na biblioteca.

2.6.c) Bases de datos na web:30.000 €

Corresponde co orzamento das distintas bases de datos xurídicas que se ofrecen na páxina web do colexio a todos os colexiados/as:

- Tirant lo Blanch: 14.762 €/ano
- vLex: 8.100 €/ano
- Economist & Jurist: 6.100 €/ano
- Vlex e Sepin (postos biblioteca e sala de togas): 1.038 €/ano

2.7) Outros gastos colexiais

Nestas partidas órzanse os gastos de:

- **Guía colexial (1.000 €)**. Redúcese a partida ao imprimir menos exemplares en papel e remitirse a versión dixital aos colexiados/as.
- **Carné colexial (1.000 €)**. Redúcese a partida ao ser menor o número de carnés que se imprimen en proporción co menor número de novas altas.
- **Adquisición de togas e limpeza (1.000 €)**. Custo en limpeza de togas e compra para substituír as máis antigas ou deterioradas.
- **Revista colexial (600 €)**. Redúcese considerablemente a partida, xa que a revista Avogacía Compostelá pasou a elaborarse en versión dixital (só se imprimen 50 exemplares en papel).
- **Mantemento da páxina web (1.000 €)**. Órzase esta cantidade para posibles cambios no deseño da páxina web debido á implantación de novas aplicacións.

3) Gastos de persoal

3.1.a) Soldos e salarios.....230.378 €

3.1.b) Seguridade social.....72.000 €

4) Outros gastos

4.1.a) Contribucións, impostos, IBI:1.791 €

Partida correspondente ao pagamento do IBI do local da sede principal (Eduardo Pondal, 4).

5) Transferencias a consellos, censos.72.876 €

Nestas partidas órzase o pagamento do censo de letrados do CGAE e ao Consello da Avogacía Galega.

- CGAE: 53.076 € anuais
- CAG: 19.800 € anuais



Conclusións

Elaborouse un orzamento similar ao dos exercicios anteriores e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2026.

DETALLE POR CONTAS E SUBCONTAS

		2026
GASTOS		801.446
I. SERVIZOS E ACTIVIDADES		278.585
1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA		26.000
601.2 601.3 601.1	1.1.a Actos corporativos organizados polo Colexio	22.000
651.1, 651.2, 654	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio	4.000
1.2 OUTRAS ACTIVIDADES - SEGUROS		225.085
625.1	1.2.a Seguro responsabilidade civil / Seguro accidentes	214.485
625.4	1.2.b Outros seguros	1.100
625.5	1.2.c Póliza decesos - Accidentes queda de oficio	7.000
625	1.2.d Primas de seguros (local e seguro comunidade)	2.500
1.3 OUTROS SERVIZOS		27.500
6292	1.3.a Congresos e outras actividades	6.000
6291, 623.1, 65.7	1.3.b Formación, xornadas, cursos e bolsas	20.000
65	1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica	1.500
II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN		145.816
2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES		30.000
623 629.14	2.1.a Xestoría, as. contable, gab. comunicación, auditoría	16.000
649.1, 623.5, 623.6	2.1.b Letrados: monitorios, concello, IGVS, MASC	14.000
2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL		28.400

622.1, 622.2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	18.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	650
6282	2.2.c Auga e outros	250
6281	2.2.d Electricidade	9.500
	2.3 GASTOS OFICINA	27.816
602	2.3.a Material de oficina	5.000
6028007, 6028010 .11	2.3.b Mantemento informático (Colaboweb, mant. correo)	15.816
629	2.3.c Gastos diversos	3.000
217	2.3.d Material informático	4.000
	2.4 COMUNICACIÓNS	8.300
629.6	2.4.a Mensaxería, correos, burofax	4.000
6283.1, 6283.3	2.4.b Telefonía	4.300
	2.5 ARRENDAMENTOS	3.000
621.6	2.5.a Renting	3.000
	2.6 BIBLIOTECA / BASES DE DATOS WEB	43.700
6028006	2.6.a Adquisición libros (códigos e outros)	4.000
6293000	2.6.b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca	9.700
629, 6293007	2.6.c Bases de datos - web	30.000
	2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS	4.600
629.7	2.7.a Guía colexial	1.000
629.8	2.7.b Carné colexial	1.000
629.11	2.7.c Adquisición de togas - limpeza	1.000
629,13	2.7.d Revista colexial	600
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	1.000
	III. PERSOAL	302.378
	3.1. GASTOS DE PERSOAL	
64,641	3.1.a Soldos e salarios	230.378
642	3.1.b Seguridade Social	72.000
	IV. OUTROS GASTOS	1.791
	4.1. OUTROS GASTOS	
631	4.1.a Contribucións e impostos (IBI)	1.791
	V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS	72.876



5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS		
620	5.1. Censo Consejo General de la Abogacía Española	53.076
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega	19.800

		2026
INGRESOS		801.446
I.- INGRESOS PROPIOS		771.296
1.1 PRESTACIÓN DE SERVICIOS		139.901
705.7	1.1.a Ditames e informes	18.000
705,3, 721,5	1.1.b Cursos e xornadas	1.000
705.4,705.9, 754.0	1.1.c Outros ingresos	3.000
721.6	1.1.d Seguro resp. civil / Seguro accidentes	114.485
705.6	1.1.e P.I. Catastral	600
	1.1.f Mantemento contas correo icasantiago.org	2.816
1.2 COTAS COLEXIAIS		521.335
721.2	1.2.a Cotas de incorporación	3.600
721.1	1.2.b Cotas periódicas	517.735
1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONS		110.060
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura queda de oficio e SOX	82.460
74.3	1.3.b Subvs. Xunta de Galicia (galego)	19.000
741	1.3.c Outras subvencions (concello - vía previa / IGVS)	8.600
II.- INGRESOS FINANCEIROS		10.000
2.1. XUROS CONTA CORRENTE		10.000
III.-OUTROS INGRESOS		20.150
3.1. VARIOS		19.350
755	3.1.a San Raimundo	7.850
759,778, 754.1, 723.0	3.1.b Outros ingresos (Mutua/vLex/Aon)	9.000
705.18	3.1.c Venda de códigos e outros	2.500
3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE		800
723.2	3.2.a Publicidade guía colexial e web	800

A colexiada dona María Carmen Fandiño García pregunta por que se exonera aos maiores de 75 anos de pagar a cota colexial e se esa exoneración está vinculada coa problemática da Mutualidad.

O decano contesta que foi un acordo da Xunta de Goberno tomado hai xa bastantes anos, a través do cal no seu día se considerou oportuno eximir da cota colexial aos colexiados e colexiadas maiores de 75 anos, exención que non ten nada que ver coas prestacións da Mutualidad.

O colexiado don Miguel Sánchez Campos solicita que a rebaixa aos novos colexiados e colexiadas do 50 % da cota colexial que se lles aplica o primeiro ano de colexiación se estenda aos tres primeiros anos.

O decano contéstalle que a dita proposta será estudada pola Xunta de Goberno.

A colexiada Ana Cristina Camiño Villaverde pregunta polas pólizas dos seguros de accidentes e o decano contéstalle que actualmente hai dúas, unha contratada coa Mutualidad (seguro de accidentes para os letrados/as de garda de asistencia ao detido) e unha segunda póliza contratada por mediación de Aon (para os letrados/as dados/as de alta da póliza do SRC).

A Sra. Camiño Villaverde tamén pregunta por que se subvenciona o SRC aos letrados e letradas que non teñen a obriga de dispoñer da dita póliza.

O decano contéstalle que esta subvención foi proposta e acordada pola Xunta de Goberno hai máis de 20 anos e que é ratificada cada ano cando os orzamentos son aprobados pola Xunta Xeral.

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias manifesta que os letrados e letradas da quenda de oficio están pagando dobremente a póliza do SRC.

O decano contéstalle que iso non é así. A prima do SRC é a mesma para todos os letrados dados de alta.

O colexiado don Carlos Feijoo Novoa propón que se tome en consideración a posibilidade de que o Colexio implante un servizo de destrución de documentación.

O decano contéstalle que lle parece unha boa proposta e que se estudará a posibilidade de asinar un convenio cunha empresa especializada. Non obstante, hai anos xa se anunciou a todos os colexiados un acordo deste tipo cunha



empresa o cal non tivo moi boa acollida. O decano comprométese a retomar novamente o acordo de colaboración para ofrecer este servizo.

O colexiado don Torcuato Labella Lozano pregunta por que non varían os gastos de persoal nos últimos anos.

O decano contéstalle que si que houbo pequenas variacións, que se poden comprobar facilmente nas cotas e orzamentos dos anos anteriores e que é debido, por un lado, á subida do IPC, e por outro, ás altas e baixas dos traballadores nos últimos anos.

Tras a exposición do orzamento 2026 e ao non haber máis preguntas, este sométese a votación e resulta o seguinte reconto:

— Votos a favor: 39 exercentes e 1 non exercente

— Votos en contra: 5

Unha vez realizada a votación, o orzamento 2026 é aprobado por maioría.

3. ROGOS E PREGUNTAS

O colexiado don Carlos Feijoo Novoa pregunta en que situación está o novo regulamento da quenda de oficio.

O decano contéstalle que está pendente de que a comisión que elaborou o borrador revise as alegacións presentadas e que se intentará presentar na próxima xunta xeral para a súa aprobación definitiva.

O Sr. Feijoo Novoa tamén pregunta polo estado das negociacións do baremo da quenda de oficio.

O decano fai un pequeno resumo das últimas negociacións levadas a cabo coa Dirección Xeral de Xustiza e comprométese a seguir informando tan pronto se produzan avances nas ditas negociacións.

A colexiada dona María Carmen Fandiño García pregunta que medidas se tomarán en canto á non subida do baremo.

O decano contéstalle que está programada para o vindeiro venres unha reunión co Consello da Avogacía Galega para estudar entre todos os colexios de Galicia

as medidas que tomar. Unha vez que se tome un acordo en común, informarase a todos os colexiados e colexiadas.

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias formula as seguintes propostas:

- Pide a desvinculación comercial do colexio coa Mutualidad.
- Que se informe os novos colexiados/as da problemática coa Mutualidad.
- Que se cumpra o establecido no Regulamento da quenda de oficio en relación co SOX.

O colexiado don Francisco Javier Rial Rodríguez manifesta que leva máis de 20 anos colexiado, sen estar dado de alta na quenda de oficio, e que lle interesaría saber cal é o custo directo que asume o colexio pola xestión da quenda de oficio xa que, segundo el, os colexiados que non están dados de alta na quenda de oficio poderían resultar prexudicados.

O decano contéstalle que a Xunta de Galicia abóalle ao colexio en concepto de gastos de infraestrutura da quenda de oficio un 8 % do facturado polos letrados e letradas da quenda. Estase a negociar coa Xunta que se aboe unha cantidade fixa por cada expediente iniciado.

O colexiado don Torcuato Labella Lozano manifesta que o 17 de setembro de 2022 o CGAE tomou o acordo de implantar un protocolo de acoso nos colexios da avogacía e que actualmente o noso colexio non dispón de tal protocolo. Pregunta se se poderá facer algo ao respecto.

O decano contéstalle que se estudará a implantación do protocolo indicado o antes posible.

A colexiada dona Noelia Garra Castro pregunta por que non se segue adiantando os pagamentos da quenda de oficio.

O decano contéstalle que é debido ao incremento das cantidades finais que se están a certificar, que superan os 350.000 euros, e que a Dirección Xeral de Xustiza está a ingresar dentro dos quince días seguintes ao da certificación.

A colexiada dona Ana Belén Sabel Iglesias fai as seguintes peticións:

- Que se implante de novo a lista de reserva e, en especial, a de violencia de xénero.
- Solicita información sobre quen filtrou as capturas que deron lugar aos expedientes disciplinarios ás colexiadas María Carmen Fandiño García e



Beatriz Estévez Fontenla, e solicita a expulsión da Xunta de Goberno do deputado que as filtrou.

O decano manifesta que tomar recibo das ditas peticións. Non obstante, en relación cos expedientes disciplinarios mencionados non vai ofrecer ningunha información xa que están en tramitación.

A Sra. Sabel Iglesias solicita información sobre a implantación das salas de videoconferencia nos partidos xudiciais.

O decano contéstalle que segundo a información facilitada pola Dirección Xeral de Xustiza estanse a implantar os sistemas de videoconferencia en todos os partidos xudiciais.

Non se realizan máis preguntas.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, rematamos a sesión en Santiago de Compostela, ás 14.15 h do día 17 de decembro de 2025. Como secretario, dou fe.

O decano



O secretario

